


## CRISTIMIL (Lalín)

### CADERNO Nº3 (Fvar, 259-10)

En Cristimil:

Topamos casas caleadas, deixando nos machos de sillería a pedra limpa.

*(Bosquexo da ventá dunha cociña e chamadores)*



## *Igrexa de San Xurxo de Cristimil*

San Xurxo

Cristimil sigue o tipo xeneral das anteriores. Rectangular con capela do mesmo tempo, todo sinxelo e feito a fins do XVIII e comezos do XIX.

O altar barroco xa neoclásico de influencia castelán (Caeiro, etc.) ten anaquiños laterales aproveitados de unha obra máis do tipo de Casas e Novoa. A eirexa ten sacristía tipo de casa vulgar con porta e todo.

Ten no outo S. Xurxo, no medio a Virxe do Rosario e ós lados S. Roque e S. Antonio.

A Concepción do único colateral que se conserva, sin retablo é obra popular de un aldeán de agora.

Tamén na sacristía hai unha Santa Lucía do mesmo xeito. Hay unha Virxe do Leite, tipo moi medieval do XV [...] . Hay [batea] de ánimas con tres [xuntas]. Gallóns resaltados na pía e estrías no pé.

*(Bosquexo da pía e lousa)*



## Ponte Asneiro

### NOTAS SOLTAS (FVar., 261-5/3)

Castelo (Restos no Carrío) Falan de que se ven aínda.

Ponte Asneiro. Detrás do Pazo de Liñares.

Pedra piramonte en dous arcos, un grande, outro pequeno. Sin oxiva.

A xente dí que tivo numeración na orela iz<sup>da</sup>., onde se estraía pedra.

D. Enrique Brey. Cartería [Penaporrín] (A Estrada).

